

## Macro e Mesa Delegada, moitos problemas, poucas solucións

O 27 de outubro a **CIG** asistiu á Mesa Delegada extraordinaria convocada por la Subsecretaria do Ministerio. A orde do día era basicamente analizar os problemas máis importantes que ten agora mesmo a Seguridade Social e ver as propostas que ten a Admón. para solucionarlos ou as accións que está levando a cabo neste senso.

### **Axencia Estatal da Seguridade Social**

A **CIG** leva xa varias xuntanzas preguntando o mesmo, por que non existe xa a Axencia Estatal da Seguridade Social?, tal e como establece a Lei 21/2021.

Nesta ocasión a Admón. explicou que tras o envío dun primeiro borrador a Facenda, e un segundo tendo en conta as observacións postas ao primeiro, están a agarda da resposta de Facenda.

Non explicaron máis, nin o motivo das observacións, nin os cambios feitos.

### **Macro concurso**

Explica a Admón. que os destinos provisionais non foron publicados porque existe unha problemática ao coincidir o Macro con 3 procesos de promoción interna que provocaron que postos convocados no concurso agora teñan outras características diferentes.

A **CIG** solicitou explicacións máis detalladas acerca do suposto problema, porque Macros anteriores tamén coincidiron con procesos de promoción interna e nunca houbo ningún problema.

Din que os detalles os ten a Subd. de RRHH, que están tentando arranxalo inmediatamente para publicar os destinos provisionais. Pero non aportan data concreta.

### **Traballo a distancia**

A Admón. comeza recoñecendo o seu incumprimento por non ter xa aprobado un plan de traballo a distancia na Seguridade Social e aduce dificultades materiais.

A **CIG** pregunta os motivos concretos polos que aínda non está aprobado e a Admón. responde dicindo que foi moi complexo determinar os postos susceptibles de traballo a distancia en cada entidade, pero que agora xa os ten listos.

A Admón. propón enviarnos o borrador do plan de traballo a distancia e convocar unha nova Mesa Delegada para debatelo. Toda a representación sindical, tras os reiterados

incumprimentos por parte da Admón., de forma unánime tomamos a posición de agardar e estudar antes ese presunto borrador, e se non cumpre unhas expectativas mínimas non acudiremos á reunión.

### **Interinos como reforzo do persoal da Seguridade Social**

En plena época de redución da temporalidade con procesos de estabilización en marcha, a Admón. xustificou este novo aumento da temporalidade como mal menor mentres non se convocan e cobren as prazas por medio dunha Oferta de Emprego.

A **CIG** interpelou o por que da discriminación que vai sufrir Galicia non recibindo ningún dos máis de 1.600 interinos que se van contratar.

Xustificaron esta discriminación no veto de Función Pública a mandar a ninguén a Galicia.

A **CIG** fixo fincapé en que os interinos que ía recibir Galicia, vanos recibir outras provincias, polo que solicitou que se buscaran mecanismos alternativos para trasladar a persoas a Galicia para compensar isto.

### **Fondos adicionais 2018-2020**

Volvemos a interpelar a Admón. polos inxustos criterios que está aplicando Función Pública para a aplicación destes postos, engadindo requisitos polos cales hai moitas persoas que non poden desfrutar destes beneficios.

Un caso común é un C1 que consegue un posto por concurso que estaba vacante, e por estar vacante no foi reclasificado a nivel 16, quedando esta persoa co nivel 15 sendo un C1.

A Admón. comprométese a consultar con Función Pública estes criterios para tentar flexibilizalos.

En resumo, a **CIG** entende que as Entidades Xestoras e Servizos Comúns da Seguridade Social adoecen de problemas gravísimos, que están degradando progresivamente os seus recursos para atender a cidadanía, sobrecargando as persoas que traballamos aquí, privándonos de dereitos existentes noutros ministerios (traballo a distancia) e o Ministerio non atopa ou non pon en marcha as medidas necesarias para pór solución a todo isto.